



ELIXO ERGUER Á USC



1. Elíxese un ensino público

- Recuperar o mestrado de matemáticas e defender o resto de mestrados
- Asegurar que o grao de Traballo Social na USC sexa público e de calidade
- Mellorar a situación actual do estudantado de Farmacia
- Dotar de infraestruturas e materiais necesarios para a correcta aprendizaxe (postos en bibliotecas, cadeiras que non atenten contra a nosa saúde, climatización de aulas, equipo informático non obsoleto)
- Mellorar o número, calidade e prezos dos servizos universitarios (comedores, reprografías, microondas, etc)
- Estudar os servizos prestados por empresas concesionarias mediante enquisas vinculantes
- Fregar a externalización de servizos, avanzar na xestión pública e impedir que a privatización degrade as condicións de vida do estudantado
- Esnaquizar o actual marco de privatización encuberta e elitización do ensino superior. A Universidade debe ser polo tanto a primeira institución que defenda a súa gratuidade total, buscando unha maior financiación e confrontando calquera posibilidade de implantación de universidades privadas no país

2. Elixo un ensino galego, popular e democrático

- Garantir o dereito ao paro académico
- Aumento das prazas, instalacións e número de residencias universitarias. Tamén das bolsas e axudas específicas para as mesmas
- Aumentar a transparencia na xestión dos centros das diferentes áreas e dos resultados das materias e cursos
- Normalizar o uso da nosa lingua, utilizándoa para impartir a totalidade das materias e exames, e na totalidade dos trámites administrativos e comunicación externa
- Poñer en marcha un plano de transformación do modelo de docencia, baseado nos valores da igualdade, garantía de dereitos e respecto, tanto entre os profesionais docentes coma entre estes e o estudantado. A aula é un espazo democrático de docencia, e non unha pertenza de ningún profesor
- Garantir o mantemento e coidado das instalacións usadas por toda a comunidade educativa
- Participación activa da Universidade no actual problema inmobiliario da cidade, confrontando ao lobby dos grandes propietarios e esixindo ás diferentes administracións actuacións para garantir unha vivenda digna e asequíbel ás estudantes. Non podemos ser vítimas da especulación: termos un teito é un dereito
- Ceder locais propios a organizacións estudantís

2. Elixo un ensino galego, popular e democrático

- Lograr unhas prácticas remuneradas en todos os centros: se realizamos un traballo, queremos un salario. A formación non é excusa!
- Defender os dereitos do persoal que traballe na univesidade, tanto aquel de administración e servizos coma o docente e investigador, ou as traballadoras de empresas concesionarias de servizos
- Garantir a totalidade dos dereitos das estudantes. Así mesmo, traballar para blindar e acadar aqueles que, coa evolución da sociedade, sexan necesarios
- Esixir o uso vehicular e único do galego por parte das empresas concesionarias de servizos
- Redución das taxas e avance cara a un modelo de universidade gratuíta, que garanta un acceso aos estudos superiores a calquera persoa, sen importar a súa situación económica
- Aumento das bolsas, tanto na súa cuantía como na ampliación da súa oferta, excluindo os criterios de expediente e primando a renda e situación socioeconómica
- Aumento do número de prazas, e avance cara a un sistema de Universidade pública aberta. Ter como obxectivo a eliminación das notas de corte e a Selectividade, un modelo antipedagóxico e que aumenta as desigualdades, baseándose no falso discurso da meritocracia
- Implantación de medidas que permitan a conciliación e compaxinación dos estudos universitarios cos coidados, a actividade laboral e o dereito á vida privada

3. *Elixo un ensino de calidade*

- Elaboración de programas e deseño de estratexias específicas para dotar de formación e ferramentas pedagóxicas ao persoal docente. Estes deben partir da realidade da docencia actual, e o seu obxectivo debe ser lograr unha transmisión eficaz do coñecemento: ser especialista nun eido ou materia non implica ser bo docente. Non pode ser que na Universidade, un centro que busca a innovación, a única metodoloxía que se traballe sexa a mesma que hai 30 anos, ou na súa versión mais actual, a lectura de Power Points
- Adaptación dos plans de estudo á especificidade da realidade galega. De nada serve formarnos nun campo se non podemos trasladar este coñecemento a mellorar a nosa realidade
- Impartición de formación pedagóxica obrigatoria ao persoal docente
- Impartición de formacións en TIC ao persoal docente e investigador
- Democratización real como ferramenta para poñer a institución ao servizo do estudantado e da sociedade, impedindo que decisións estratéxicas se tomen en función de intereses privados alleos ao ben común
- Cumprimento estrito, mellora e modificación das guías docentes anualmente en consecuencia a se metodoloxía e recursos (humanos ou materiais) permiten acadar os obxectivos do ensino
- Disposición das aulas expositivas nun repositorio en liña, permitindo a posibilidade de acceder a este aspecto da docencia de forma non sincrónica

3. Elíxose un ensino de calidade

- Facer que as instalacións non atenten á dignidade humana: contar con auga potábel, produtos de hixiene, baños de xénero neutro e accesibilidade para persoas discapacitadas
- Acadar unha docencia adaptada á realidade
- Realizar un estudo sobre o modelo de mobilidade existente na Universidade, tendo como resultado:
 - a eliminación das barreiras físicas, adaptando as edificacións e promovendo alternativas de mobilidade para persoas discapacitadas.
 - un plan estratéxico para a mobilidade interurbana das estudantes con residencia fóra da cidade

4. *Elixo ensino inclusivo e feminista*

- Elaboración de protocolos que realmente garantan unha protección fronte ao machismo e LGBTfobia, en colaboración con axentes estudantís e movementos sociais
- Favorecer unha actuación real da oficina de igualdade de xénero
- Negarse á promoción de figuras que atenten contra principios e dereitos básicos. Os discursos de odio como a LGBTIfobia, o machismo, o racismo ou a negación dos dereitos nacionais, e máis aqueles que os profiren, non admiten debate
- Permitir unha práctica docente que non ataque os dereitos básicos das estudantes
- Conseguir formacións específicas obrigatorias á totalidade do persoal da Universidade
- Cesar a actividade e relacións de calquera tipo co profesorado reincidente nas súas actitudes machistas: non podemos ser educadas por machistas
- Revisar e incluír unha perspectiva de xénero, antipatriarcal e antiLGTBIfóbica, tanto na docencia coma nos contidos. A educación debe ser liberadora e non perpetradora das violencias e desigualdades

4. Elixo ensino inclusivo e feminista

- Acadar unha Universidade onde os dereitos non dependan do voluntarismo nin de criterios economicistas. A mercantilización do ensino tamén implica a retirada de recursos dos servizos de igualdade
- Reclamar medidas para paliar a fenda de xénero no mundo da investigación
- Consolidación do protocolo para o correcto rexistro e modificacións de nome, que actualmente non funciona en todos os servizos da Universidade, provocando unha fenda para as persoas trans e non binarias

5. *Elixo investigación e ensino científico*

- Concesión de axudas a proxectos de investigación en base a criterios de interese científico e non en base ao seu interese mercantil para a empresa privada
- Remunerar todo traballo investigador con contratos e bolsas dignas que eliminen a precariedade laboral no sector
- A investigación pública debe responder ás necesidades sociais e científicas do país, non aos intereses dunha minoría empresarial
- Realización dun estudo de sostenibilidade que acompañe os plans estratéxicos da Universidade, desde as súas infraestruturas á metodoloxía de traballo, investigación e docencia
- Sensibilización, coordinación e aplicación de medidas conxuntas para a difusión, formación e traballos na innovación

